

Quen pode inscribirse nos cursos para traballadores en activo?

- Os traballadores asalariados que prestan servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais e cotizan á Seguridade Social en concepto de Formación Profesional.
- Os traballadores que se atopan nas seguintes situacións:
 - Traballadores fixos discontinuos nos períodos de ocupación.
 - Traballadores que acceden á situación de desemprego cando se atopan en período formactivo.
 - Traballadores acollidos á regularización de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.
- Os traballadores incluídos no réxime especial agrario, autónomo e do mar.
- O persoal ao servizo das **administracións públicas** só poderán participar cun límite máximo dun **10%** do total de participantes de cada acción formativa.

Dentro dun mesmo plan de formación un mesmo traballador non poderá recibir máis de 270 horas, salvo que participe nunha única acción cuxo límite fora excepciónado.